



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO E A UNIVERSIDADE DE VIGO

Vigo, á data da última sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 109, do 8 de xuño de 2018, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro e publicados no DOG nº 38 do 22 de febreiro do 2019, e con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

E doutra parte, D. Isidoro Hornillos Baz, Presidente da Federación Galega de Atletismo con CIF G15103500 e domicilio social en Avenida Glasgow nº 13 Complexo Deportivo de Elviña, CP. 15008 A Coruña

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o artigo 2 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece como un dos seus fins “o fomento do desenvolvemento sustentable, a vida saudable, a cultura, o deporte e o voluntariado”.

SEGUNDO.- Que o artigo 73 dos Estatutos reconece a práctica deportiva como parte da formación do estudantado e insta á Universidade a colaborar con outras entidades deportivas para que desenvolvan a súa actividade no seo da Universidade.

TERCEIRO.- Que a Federación Galega de Atletismo é unha entidade sen ánimo de lucro, con funcións públicas delegadas pola administración galega e que desenvolve, entre as súas funcións propias, a promoción do atletismo en Galicia.

CUARTO.- Que as dúas institucións veñen colaborando dende hai varios anos na promoción do atletismo con resultados amplamente satisfactorios para ámbalas dúas partes e teñen interese en seguir reforzando e explotando as sinerxías existentes entre elas.

Por todo isto, e tendo ambas institucións capacidade xurídica suficiente, acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes,



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio céntrase no establecemento das estipulacións administrativas, técnicas e económicas baixo as cales deberá desenvolverse un programa de fomento da práctica do atletismo entre a comunidade universitaria e a poboación da contorna dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

SEGUNDA.- Programa de promoción do atletismo entre a comunidade universitaria e a poboación da contorna

Para acadar os seus obxectivos ambas entidades colaborarán no desenvolvemento dun programa de actividades de promoción e dinamización desta modalidade deportiva.

Este programa incluírá, entre outras, a organización e desenvolvemento de adestramentos, competicións, estudos e/ou cursos de formación de técnicos e xuíces.

O programa concreto de actividades acordarase anualmente entre ambas entidades e incorporarase, unha vez asinado, como anexo a este convenio.

TERCEIRA.- Compromisos da Federación Galega de Atletismo

A Federación Galega de Atletismo asumirá a organización e dirección técnica das actividades desenvolvidas ao abeiro deste convenio, segundo a súa propia metodoloxía e por medio do seu propio persoal, sen prexuízo de que poida habilitar ou delegar a organización destas actividades nalgún dos seus clubs asociados.

En calquera caso, o persoal que a Federación Galega de Atletismo, ou algún dos seus clubs asociados, destine ao desenvolvemento das actividades organizadas ao abeiro deste convenio en ningún caso adquirirá relación laboral coa Universidade de Vigo.

CUARTA.- Compromisos da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo facilitaralle á Federación Galega de Atletismo o uso das instalacións e do material deportivo para a práctica do atletismo do que dispón no campus As Lagoas (Ourense) e no Campus Lagoas - Marcosende (Vigo) para o desenvolvemento das actividades organizadas ao abeiro deste convenio. Estes usos gozarán dunha exención de canon do 100 % dos prezos públicos vixentes ata un máximo de 7.000 € anuais. No caso de actividades relacionadas coa investigación, a Universidade tamén poderá facilitar tamén a utilización das instalacións de atletismo do Campus da Xunqueira (Pontevedra).

As actividades desenvolvidas non poderán levar aparellada utilidade económica ningunha agás que as condicións ou contrapartidas recibidas polas persoas beneficiarias anulen ou fagan esta irrelevante. Ademais, os custes indirectos extraordinarios que se ocasionen no



desenvolvemento das actividades (limpeza, seguridade, danos derivados dun uso inadecuado, IVE,...) deberán ser asumidos integramente pola Federación Galega de Atletismo.

A Federación Galega de Atletismo remitiralle á Universidade a solicitude de horarios de utilización así como a lista de persoas e entidades autorizadas para acceder a estas. A aprobación dos usos solicitados será determinada, no caso dos campus de Ourense e Vigo, pola Área de Benestar, Saúde e Deporte e, no caso do campus da Pontevedra, pola Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, tendo en conta sempre a dispoñibilidade existente das ditas instalacións así como o disposto nas normativas e regulamentos da Universidade de Vigo.

Tanto a programación inicial de horarios como a listaxe de persoas autorizadas poderá ser modificada puntualmente e de mutuo acordo ao longo da temporada.

Calquera acción adicional ao uso do espazo, como poida ser a colocación de publicidade, pancartas, catering, mesas, expositores, carpas, sistemas de megafonía/luminotecnia, etc, deberá indicarse na solicitude de uso e precisará da aprobación previa e por escrito da Xerencia da Universidade.

A sinatura deste convenio non suporá a asunción doutros compromisos económicos por parte da Universidade mais alá dos custes ordinarios nos que se poida incorrer pola posta a disposición das instalacións deportivas universitarias para o desenvolvemento das actividades organizadas ao abeiro deste convenio.

QUINTA.- Difusión e publicidade

Ambas entidades darán toda a difusión posible (publicacións en prensa, redes sociais, web, ...) ás actividades desvoltas ao abeiro deste convenio co obxectivo de acadar a máxima visibilidade entre a comunidade universitaria e a poboación da súa contorna.

Nestas labores de difusión, a Federación Galega de Atletismo fará referencia á marca “Universidade de Vigo” nos soportes publicitarios que se utilicen, dándolle prioridade ao uso do idioma galego e á linguaxe inclusiva.

En todo caso, as súas actuacións haberán de ser compatibles coa imaxe e os valores da Universidade de Vigo.

SEXTA.- Actuacións de comprobación

A Federación Galega de Atletismo comprométese a respectar toda a lexislación que lle sexa de aplicación (protección de datos, transparencia, seguridade social, titulación do seu persoal, voluntariado, etc) achegando, nun prazo máximo de 15 días dende a súa solicitude, toda a documentación relacionada coas actividades desenvolvidas ao abeiro deste convenio que lle fose requirida pola Universidade de Vigo.



SÉTIMA.- Seguros

A Federación Galega de Atletismo deberá ter concertado, en vigor e ao corrente do pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a responsabilidade civil nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, como a asistencia sanitaria das persoas participantes nos eventos e actividades desenvolvidas ao abeiro deste convenio nos termos contemplados no artigo 22 da mesma lei e modificado pola Lei 13/2015 do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no seu capítulo VI.

Ademais, o persoal (directivo, técnico, voluntario, etc...) da Federación Galega de Atletismo que realice o seu labor nos espazos e instalacións universitarias deberá estar asegurado contra accidentes por parte da dita entidade quedando a Universidade de Vigo libre de calquera responsabilidade polos accidentes ou enfermidades que puideran sufrir estas persoas no recinto universitario ou polo uso dos seus equipos.

OITAVA.- Protección de Datos de Carácter Persoal

As partes manifiestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016. As partes comprométese a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de desenvolver o proxecto subvencionado, que non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio e a que non se cederán a terceiros, agás nos casos en que exista unha obrigaón legal. As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade. A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados/as aos datos persoais durante a vixencia deste convenio. Os datos de carácter persoal cedidos, se os houberse, deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento. A Universidade de Vigo, como responsable do tratamento dos datos de carácter persoal, cederá a entidade parte deste convenio, como encargada do tratamento, os datos necesarios para o desenvolvemento obxecto deste convenio.

En cumprimento do artigo 28 do Regulamento (UE) 2016/679 e do artigo 33 da Lei orgánica 3/2018 xúntase como anexo a este convenio o correspondente contrato de encargo de tratamento.



NOVENA.- Control da execución do convenio

Para o control da execución do presente convenio establécese unha comisión paritaria de seguimento, composta por unha banda, por un representante nomeado pola Vicerreitoría con competencias en Extensión Universitaria e, por outra, polo/a presidente/a da Federación Galega de Atletismo ou persoa en quen delegue.

Esta comisión reunirse polo menos unha vez ao ano durante toda a vixencia do convenio e expedirase acta dos temas tratados en cada unha delas.

DÉCIMA.- Vixencia, prórroga e resolución do convenio

Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir do 1 de xaneiro de 2020 e rematará o 31 de decembro do 2023.

Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicionais establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.

DÉCIMA.- Natureza administrativa do convenio

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio, serán resoltas en primeira instancia, pola Comisión Mixta Paritaria, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. As que non poidan ser resoltas na comisión, someteranse á xurisdición contencioso administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade, asínase electronicamente o presente convenio.

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

POLA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

O Reitor
Manuel Joaquín Reigosa Roger

O Presidente
Isidoro Hornillos Baz



ANEXO

CONTRATO CO ENCARGADO/A DO TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Dunha parte

Manuel Joaquin Reigosa Roger, Reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 109, do 8 de xuño de 2018, en representación da **UNIVERSIDADE DE VIGO**, co CIF Q8650002B e co enderezo en Campus Universitario Lagoas-Marcosende s/n, 36310, Vigo, Pontevedra, en diante **Responsable do Tratamento**.

Doutra parte

Isidoro Hornillos Baz, presidente en representación da Federación Galega de Atletismo, co G15103500 e domicilio social en Avenida Glasgow nº 13 Complexo Deportivo de Elviña, CP. 15008 A Coruña, en diante **Encargada/o do Tratamento**.

1. Obxecto do encargo do tratamento.

Mediante as presentes cláusulas habilitase á/ao encargada/o do tratamento, para tratar por conta da responsable do tratamento, os datos de carácter persoal necesarios para desenvolver o obxecto do convenio asinado entre as partes e, mais concretamente, o programa de promoción da práctica do atletismo entre a comunidade universitaria e a poboación da contorna dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

O tratamento consistirá nas seguintes concrecións a realizar: recollida, rexistro, estruturación, comunicación, modificación, conservación, extracción, consulta, transmisión, difusión, destrución, interconexión, cotexo, limitación e supresión dos datos de carácter persoal sinalados no punto 2.

2. Identificación da información afectada.

Para a execución das prestacións derivadas do cumprimento do obxecto deste encargo, a responsable do tratamento, pon a disposición da/o encargada/o do tratamento, a información que se describe a continuación:

Tipoloxía de Datos	Categoría dos interesados
<p><u>Datos de identidade</u> (nome e apelidos, DNI/NIF/Pasaporte, enderezo electrónico, teléfono)</p> <p><u>Datos de características persoais</u> (sexo, idade e historial deportivo)</p>	<p>Alumnado</p> <p>Persoal de administración e servizos</p> <p>Persoal docente e investigador</p> <p>Outras persoas físicas ou xurídicas</p>

3. Duración.

O presente acordo ten unha duración polo tempo establecido na duración do convenio.

Unha vez finalice o presente contrato, a/o encargada/o do tratamento debe devolver á Universidade de Vigo, os datos persoais e suprimir calquera copia que estea no seu poder.

4. Obrigas do/a Encargado/a do Tratamento.

A/o encargada/o do tratamento e todo o seu persoal obríganse a:



I. Utilizar os datos persoais obxecto do tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

II. Tratar os datos de acordo coas instrucións da responsable do tratamento.

Se o/a encargada/o do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXPDP ou calquera outra disposición en materia de protección de datos da Unión ou dos Estados membros, a encargada informará inmediatamente á Universidade de Vigo.

III. Levar por escrito, un rexistro¹ de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta da Universidade de Vigo, que conteña:

1. O nome e os datos de contacto da encargada e da responsable do tratamento por conta da cal actúe a/o encargada/o e do/a Delegado/a de Protección de Datos.
2. As categorías de tratamentos efectuados por conta da responsable do tratamento.
3. No seu caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou organización internacional, incluída a identificación de dito terceiro país ou organización internacional e, no seu caso das transferencias indicadas no artigo 49 apartado 1, parágrafo segundo do RXPDP, a documentación de garantías adecuadas.
4. Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas a:
 - a) A seudonimización e o cifrado de datos persoais
 - b) A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
 - c) A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - d) O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.

IV. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa da responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.

A/o encargada/o pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento da mesma responsable, de acordo coas instrucións da Universidade de Vigo. Neste caso, a responsable identificará, de forma previa e por escrito, a entidade á que se deben comunicar os datos, os datos a comunicar e as medidas de seguridade a aplicar para proceder á comunicación.

Se a/o encargada/o debe transferir datos persoais a un terceiro país ou a unha organización internacional, en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que lle sexa aplicable, informará á Universidade de Vigo desa exigencia legal de maneira previa, salvo que tal Dereito o prohiba por razóns importantes de interese público.

V. Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste contrato que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos da/o encargada/o.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar previamente e por escrito á Universidade de Vigo, con antelación ao comezo das prestacións obxecto do contrato. Indicando os tratamentos que se pretende subcontratar e identificando de forma

¹ As obrigas indicadas nos apartados 1 e 2 non se aplicarán a ningunha empresa nin organización que empregue a menos de 250 persoas, salvo que o tratamento que realice poida supoñer un risco para os dereitos e as liberdades dos interesados, non sexa ocasional, ou inclúa categorías especiais de datos persoais indicadas no artigo 9, apartado 1 do RXPDP, os datos persoais relativos a condenas e infraccións penais a que se refire o artigo 10 de dito Regulamento (art 30.5 RXPDP)



clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderá levarse a cabo se a responsable non manifesta a súa oposición no prazo establecido.

O/a subcontratista, que tamén terá a condición de encargada/o do tratamento, está obrigado igualmente a cumprir as obrigas establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite a Universidade de Vigo. Corresponde ao encargado inicial regular a nova relación de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do/a subencargado/a, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante a Universidade de Vigo no referente ao cumprimento das obrigas.

- VI. Manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal aos que tivera acceso en virtude do presente encargo, incluso despois de que finalice o seu obxecto.
- VII. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de xeito expreso e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informarles convenientemente.
- VIII. Manter a disposición da responsable do tratamento a documentación acreditativa do cumprimento da obriga establecida no apartado anterior.
- IX. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.
- X. Asistir á responsable do tratamento que con carácter xeral dará resposta ao exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís).

Cando as persoas interesadas exerzan os dereitos ante a/o encargada/o do tratamento, esta deberá comunicarllo sen dilación á responsable do tratamento e en ningún caso mais alá do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude.

A responsable do tratamento solicitará da/o encargada/o do tratamento un informe relativo á petición do dereito correspondente que poderá ser acompañado da documentación ou información que poida ser relevante. Dito informe deberá ser emitido no prazo máximo de **10 días hábiles**. O informe emitido será incorporado á resolución do procedemento.

A/o encargada/o do tratamento tamén poderá resolver ditas solicitudes se llo indica expresamente a responsable do tratamento e respectando os prazos e o procedemento estipulado no Regulamento (UE) 2016/679 e na normativa propia da Universidade de Vigo. É necesario que o interesado acredite a súa identidade aportando copia do seu DNI ou pasaporte para poder realizar as comprobacións oportunas. A resposta ás solicitudes do exercicio de dereitos realizaranse no mesmo formato que utilice o interesado, a menos que solicite que proceda doutro xeito.

Así mesmo os interesados poderán poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo no que respecta a tódalas cuestións relativas ao tratamento dos seus datos persoais e ao exercicio dos seus dereitos a través do correo electrónico dpd@uvigo.es

- XI. Dereito de información. A/o encargada/o do tratamento, no momento da recollida dos datos, debe facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar. A redacción e o formato en que se facilitará a información se debe consensuar coa Universidade de Vigo antes do inicio da recollida dos datos.
- XII. Notificación de violación da seguridade dos datos.

A/o encargada/a do tratamento notificará á Axencia Española de Protección de datos e comunicará a Xerencia da Universidade, sen dilación indebida, e en calquera caso no prazo



máximo de 24 horas, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que dita violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se se dispón dela facilitarase, coma mínimo, a información seguinte:

- a) Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
- b) Nome e os datos de contacto do Delegado de Protección de Datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
- c) Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- d) Descrición das medidas adoptadas ou propostas para por remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de xeito gradual sen dilación indebida.

Cando sexa probable que a violación supoña un alto risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas, corresponde á responsable do tratamento comunicar en menor tempo posible as violacións da seguridade dos datos aos interesados.

A comunicación debe realizarse nunha linguaxe clara e sinxela e deberá, coma mínimo:

- a) Explicar a natureza da violación de datos.
- b) Indicar o nome e os datos de contacto do Delegado de Protección de datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
- c) Describir as posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- d) Describir as medidas adoptadas ou propostas polo responsable do tratamento para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

XIII. Dar apoio á responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando proceda.

XIV. Dar apoio á responsable do tratamento na realización das consultas previas á Autoridade de Control, cando proceda.

XV. Pór a disposición da responsable do tratamento toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen a responsable ou outro auditor autorizado polo mesmo.

XVI. Implantar as medidas de seguridade establecidas na normativa da Unión Europea ou española e en todo caso deberá implantar mecanismos para:

- a) Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- b) Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, no caso de incidente físico ou técnico.
- c) Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- d) Seudonimizar e cifrar os datos persoais, no seu caso.



- XVII. De ser o caso, designar un Delegado de Protección de Datos e comunicar a súa identidade e datos de contacto á Universidade de Vigo.

Segundo o artigo 37.1 do RXPd o Delegado de Protección de Datos debe designarse cando o tratamento o leve a cabo unha autoridade ou organismo público, cando as actividades principais do responsable ou da/o encargada/o consistan en operacións de tratamento que, en razón a súa natureza, alcance e /ou fins, requiran unha observación habitual e sistemática de interesados a gran escala ou cando as actividades principais do responsable ou do encargado consistan no tratamento a gran escala de categorías especiais de datos segundo o disposto no artigo 9 do RXPd

- XVIII. Destino dos datos: Devolver á Universidade de Vigo os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación.

A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado.

Non obstante, a/o encargada/o pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.

5. Obrigas da Universidade de Vigo

Correspóndelle á Universidade de Vigo, como responsable do tratamento:

- a) Entregar á/ao encargada/o os datos aos que se refire a cláusula 2 deste documento.
- b) Realizar unha avaliación do impacto na protección de datos persoais das operacións de tratamento a realizar pola/o encargada/o.
- c) Realizar as consultas previas que corresponda.
- d) Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, polo cumprimento do RXPd por parte da/o encargada/o.
- e) Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías

E en proba da súa conformidade, ambas as partes asinan electronicamente o presente acordo.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Universidade de Vigo

O Reitor

Manuel Joaquin Reigosa Roger

ENCARGADA/O DO TRATAMENTO

Federación Galega de Atletismo

Presidente

Isidoro Hornillos Baz



PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MODALIDADE DEPORTIVA DE ATLETISMO

1. Organización de eventos e competicións
2. Cursos de formación de técnicos e xuíces
3. Adestramentos e escolas deportivas
4. Asesoramento técnico, realización de prácticas e investigación

1. Organización de eventos e competicións

A Universidade de Vigo e a Federación Galega de Atletismo colaborarán para facilitar a organización de eventos atléticos federados oficiais nas instalacións deportivas da Universidade de Vigo a través das seguintes medidas:

- Por parte da Universidade de Vigo, exención de canon da reserva das súas instalacións, co límite establecido na cláusula cuarta deste convenio.
- Por parte da Federación Galega de Atletismo, exención do canon oficial de organización para estes eventos e un desconto do 25 % no custe das arbitaxes.

2. Cursos de formación de técnicos e xuíces

As persoas da comunidade universitaria gozarán de acceso gratuíto a estes cursos cando teñan lugar nas instalacións da Universidade de Vigo, reservándolle un mínimo do 25 % do total das prazas dispoñibles.

A Federación aplicará un 25 % de desconto na inscrición das persoas da comunidade universitaria nos cursos de formación que organice en instalacións que non pertencen a Universidade de Vigo.

3. Adestramentos e escolas deportivas

A Universidade de Vigo aplicará unha exención do 100 % do canon de reserva das instalacións para o desenvolvemento de adestramentos e escolas deportivas por parte de clubs e atletas con licenza federada pola FGA, co límite establecido na cláusula cuarta deste convenio.

4. Asesoramento técnico, prácticas e investigación

A Federación Galega de Atletismo asesorará á Universidade de Vigo en materia de organización e xestión de actividades incluídas no deporte do atletismo e facilitará, na medida do posible, a realización de prácticas curriculares e investigacións nos clubs ou núcleos de atletismo galegos.

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

O Presidente

Isidoro Hornillos Baz